

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de setembro de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Xulio Calviño Rodríguez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día oito de setembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1365).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión da sesión ordinaria do 8 de setembro de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1366).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A SCHOOL HOUSE PARA A ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN EN VIGO DO “CONCURSO DE DELETREO EN INGLÉS 2009” E ESTANCIA DO GAÑADOR EN CÁNADA NUN CURSO DE INMERSIÓN AO INGLÉS. EXPTE. 4836/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.09.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Pública se Protocolo, do 2.09.08, conformado pola concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

“Conceder ao aveiro do artigo 22.2.c da vixente Lei 38/2003 de 17 de novembro, de Subvencións, a School House” NIF- E36693612 unha subvención por importe de 6000 € en concepto de axuda para os gastos ocasionados pola organización, celebración e estancias en Toronto (Canadá) do “Concurso de

Deletreo en Inglés 2008” (Spelling Bee Contest), e isto con cargo á partida 111.0.489.0004 do vixente presuposto.

A devandita subvención se aboará con cargo á partida mentada contra a aportación de facturas e orixinais visadas por esta Xefatura, debendo presentarse as mesmas con data anterior a 20 de decembro do presente ano, conforme ao establecido pola Lei de Subvencións, considerándose como responsables das obrigas pola concesión desta subvención Dna. M^a José Leirós Barciela e Dna. M^a Luz Janeiro Pousa, como representantes da C.B. School House (cláusula primeira da Escritura de constitución)”

3(1367).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 22/2482, 1/2380, 22/1070, 22/2358.

Examinadas as actuacións dos expediente, vistos os informes-proposta da traballadora social e reponsable do Programa conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Benigno Fernández Cordeiro. Expte. 22/2482.
- Jesusa Ochoa Azarrulla. Expte. 22/2358.
- Purificación Correa Lago. Expte. 1/2380.
- Rufina Sánchez Fuente. Expte. 22/1070.

4(1368).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E A INSTITUCIÓN “HERMANOS MISIONEROS DE LAS ENFERMOS POBRES”. EXPTE. 33632/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 10.08.08, conformado polo xefe de Área de Acción Social, a concelleira delegada do Área de Benestar Social e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Prestar aprobación ao texto do convenio entre a Concellería de Benestar Social e os “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres”, CIF Q3600319B, para levar a cabo prestacións de servizo de acollida de persoas sin fogar, a requerimento da autoridade competente en situacións de emerxencia.

2º.-Aprobar o gasto por un importe total de 22.060 euros, con cargo á 3130. 4890004 de Benestar Social, “Convenio Misioneros“.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO,DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E A INSTITUCIÓN “HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES”

Reunidos

Dunha parte,

Dunha parte D^a María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, por decreto de Delegación de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra parte,

Don José Antonio Donaire Jiménez, como Hermano Director da Pía Unión “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” en diante “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres”, con CIF Q 3600319B, con domicilio na rúa Avda. de Galicia, nº 160 desta cidade.

As partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio e

MANIFESTAN

1. Que a Lei 7/1985 de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos concellos exerzan a "prestación de Servizos Sociais" sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000"habitantes-equivalentes".

2 Que a lei 4/93, de 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria. Estes inclúense dentro da área de comunidade, establecendo o Decreto 240/1995 do 28 de xullo polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria como obxectivos prioritarios dese nivel de atención ,entre outros, o desenvolvemento de servizos preventivos dirixidos á poboación en xeral e de forma especial a aqueles colectivos que se atopan en situación de risco, así como a inserción social dos membros marxinados e excluídos da comunidade. Este Decreto prevé os equipamentos propios dos servizos sociais de atención primaria,e a orde do 25 de xaneiro do 2008,, no seu art 3º fala expresamente dos comedores sociais e centros e unidades de hixiene.

3. Que os “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” teñen como obxectivo principal, a atención e coidado de enfermos carentes de recursos e en situación de exclusión social severas.

4. Que os “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” constitúe un recurso social, dentro do Sistema público de servizos sociais da cidade por ser unha das entidades sen ánimo de lucro, que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo un recurso moi utilizado polos Servizos Sociais.

5. Que a Administración Pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro para unha xestión común de determinadas actividades.

6. Que a lei de Servizos Sociais, (4/93 de 14 de abril) no seu artigo 21 establece as competencias dos Concellos entre elas, a colaboración no fomento dos servizos sociais de carácter local prestados polas entidades de iniciativa social en especial os que substitúen o atenden necesidades non cubertas pola propia administración. Segundo exposto, as partes acordan levar a cabo un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

CLAÚSULAS

Primeira. –

O obxecto do presente Convenio entre o Concello de Vigo e os “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” é a prestar apoio a dita institución para a contratación de un/una traballador/a social como parte do persoal técnico que atenda e mellore a atención dos usuarios do e albergue para enfermos e persoas en situación de exclusión social severa durante o ano 2008.

Segunda.-

Os “Hermanos Misioneros dos Enfermos Pobres” comprométese a aceptar no seu centro a homes e mulleres das características mencionadas que acepten as condicións de orde interno existentes sempre que a súa capacidade o permita e que lles sexan remitidos polo Departamento de Benestar Social do Concello.

Os “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” comprométese a facilitar a persoas remitidas polo departamento de Benestar Social dentro das súas posibilidades, tanto nas prazas de albergue para homes como para mulleres, as maiores facilidades posibles no referente a horarios de entrada e saída, comidas, etc, para as persoas que o precisen para a súa inserción laboral, xestións ou outras actividades que supoñan inclusión social.

Terceira . -

O vixencia deste convenio de colaboración remata o 31 de decembro de 2008, podéndose prorrogar a petición e por acordos das parte, por periodos anuais, ata un máximo de dous prorrogas, sempre que non se produza denuncia expresa de calquera das partes cunha antelación mínima de dous meses antes de calquera dos vencementos.

De producirse calquera das prórrogas, os importes económicos sinalados na cláusula seguinte modificaranse axustándose ás variacións do IPC correspondente.

O presente convenio extinguirase en caso de incumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo. Neste caso deberán reintegrarse as cantidades que se houberan percibido como achega económica do mesmo e que non fosen destinadas ó fin previsto

Cuarta.-

Para a contratación do/a profesional previsto no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade de 22.060 EUROS

Os pagamentos efectuaranse dos seguinte xeito:

O 50% da cantidade anual a sinatura do convenio.

O 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Xustifícase a acción do pagamento inicial xa que a entidade ten graves problema económicos de maneira continuada e manifestan que no estan en disposición de poder aboar os custes que comporta a contratación do/a profesional obxecto de convenio.

Os Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres comprometése a presentar antes do día 30 de xaneiro de 2009, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino ós Servizos Sociais, achegando a seguinte documentación:

Unha memoria social xustificativa das actuación desenvolvida pola profesional o longo da vixencia do convenio

Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

Unha realización clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso data de pago.

Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cotas da Seguridade Social.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a contía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.

Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.

Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente.

Quinta

Os “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” terá que contratar a un/una Traballador/ ra social xa que e o obxecto deste convenio. Estes contrato estarán suxeitos á lexislación laboral vixente sen que, en ningún caso, esta relación que se establece co profesionais supoña unha relación laboral co Concello de Vigo.

Sexta.-

Os “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” comprométense a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Sétima.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión creárase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas da Pía Unión dos “Hermanos Misioneros dos Enfermos Pobres” e dous técnicos deste Concello, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos Sociais.

Oitava.-

O Concello poderá subscribir os convenios que crea adecuados coas distintas entidades e administracións para este mesmo fin sen que esto altere o previsto neste convenio.

Novena.-

O Concello de Vigo reservase exclusivamente a formulación de todo tipo de publicidade ou información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio.

Décima.-

O persoal técnico do Servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que e poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Undécima.-

A lexislación aplicable é a que se sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En proba da súa conformidade asinan o presente Convenio o día arriba indicado polos

representantes das partes presentes.

5(1369).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO. EXPTE. 33636/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 12.08.08, conformado polo xefe de Área de Acción Social, a concelleira delegada do Área de Benestar Social e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º) Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre o Exmo. Concello de Vigo e a Asociación Española Contra o Cancro, con NIF: 0G28197564, para a atención psicosocial individual dos enfermos de cancro e familiares. Así mesmo, convéniense tamén cinco prazas en cada unha das actividades ocupacionais que se desenrolexen na Xunta Local de Vigo da asociación, cinco prazas no programa Vitalia e cinco prazas nos talleres de deshabitación tabáquica. Todos os beneficiarios do anteriormente reseñado serán derivados polo departamento de Benestar Social.

2º) Aprobar o gasto por importe total de 9.000 euros, con cargo á partida 3130.489007 “ Convenio Asociación Cáncer”.

CONVENIO DE COLABORACION COA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO

Vigo, ____de _____de 2008

REUNIDOS

Dunha parte D^a María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, por decreto de Delegación de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra:

Dona Josefina Crespo Torres, con DNI 35811865 - Z, como membro da Xunta Directiva no posto de Presidenta Local da entidade sen ánimo de lucro da Asociación Española contra o Cancro, Xunta Local de Vigo, con enderezo a efectos de notificación Doctor Cardaval, nº 27, 1º, C.P. 36202 Vigo, e co teléfono 986.220.303, en representación desta.

Ámbalas partes recoñécense mutua capacidade para formalizar o presente convenio e,

MANIFESTAN

Que a Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais (con poboación superior a 20.000 "habitantes-equivalentes").

Que a lei 4/93, de 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria. Estes inclúense dentro da área de comunidade, establecendo o Decreto 240/1995 do 28 de xullo polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria como obxectivos prioritarios dese nivel de atención, entre outros, o desenvolvemento de servizos preventivos dirixidos á poboación en xeral e de forma especial a aqueles colectivos que se atopen en situación de risco, así como a inserción social dos membros marxinados e excluídos da comunidade.

Que a Asociación Española contra o Cancro é unha ONG de carácter benéfico asistencial sen ánimo de lucro. Constituíuse o 5 de marzo de 1953 co propósito de loitar contra o cancro en todas as modalidades coñecidas ou que se coñezan no futuro. O día 29 de setembro de 1966 foi inscrita co número nacional 3827 da sección primeira non Rexistro Nacional de Asociacións.

A Asociación Española contra o Cancro ten a súa sede central en Madrid, desenvolve a súa actividade en toda España a través das 52 xuntas provinciais con representación en máis de 2.000 localidades en todo o país.

A Asociación Española contra o Cancro está constituída por voluntarios, socios e persoal contratado que cun proxecto conxunto dirixen todos os esforzos, eficacia e axilidade á hora de detectar necesidades e prioridades de actuación.

Que a Administración Pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro para unha xestión común de determinadas actividades.

Segundo o exposto, as partes acordan levar a cabo un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxectivo:

O obxecto do presente convenio é establecer o marco de colaboración entre a Concellería de Benestar Social e a Asociación Española contra o Cancro, por unha banda conveniase: A atención psicosocial dos enfermos oncolóxicos e familiares por outra e destinado a poboación en xeral no marco do Programa de deshabitación tabáquica.

Segunda.- Finalidade:

A finalidade deste convenio é apoiar psicolóxica e socialmente aos enfermos de cancro e familiares para axudar a superar a enfermidade, mellorando no posible a súa calidade de vida.

Dende a área social da AECC informarse dos recursos económicos e humanos, dirixidos a paliar as necesidades sociais que aparezan no proceso da enfermidade, así como a orientación para a súa reincorporación laboral e social.

Dende a área de atención psicolóxica da AECC atenderanse dúas vertentes, a primeira delas dirixida a enfermos de cancro e familiares aos que apoiarán nos seguintes aspectos:

- Resolución dos trastornos psicolóxicos que poidan xurdir ao longo do proceso de tratamento e recuperación.*
- Asesoramento e entramento no control do estrés, resolución de problemas e afrontamento de situacións difíciles.*
- Estratexia para mellorar a relación terapéutica e a comunicación establecida entre os profesionais sanitarios e os enfermos e familiares.*

As actividades de terapia psicolóxica individualizada levaranse a cabo en tres ámbitos distintos en base á situación do enfermo ou familiar: sede da Xunta Local de Vigo, domicilio do doente e hospital de referencia.

As actividades ocupacionais levaranse a cabo na sede da Xunta Local de Vigo: vainicas, animación á lectura, cociña, coiro, bisutería, alimentación, ... As charlas e conferencias levaranse a cabo en distintas estanzas.

A segunda vertente vai dirixida á poboación en xeral co proxecto de "Deshabitación tabáquica". Este programa nace como un servizo de atención especializada do tabaquismo, o obxectivo xeral deste servizo é facilitar o proceso de abandono do hábito tabáquico e facorecer o mantemento da abstinencia, diminuíndo a probabilidade de recaídas.

Os citados cursos impartiranse por persoal sanitario (médico e psicóloga), cunha metodoloxía de terapia combinada baseada na atención psicolóxica de carácter grupal xunto cun apoio médico e farmacolóxico individualizado.

A AECC desenvolve tamén o programa Vitalia que vai dirixido a mulleres afectadas dun diagnóstico oncolóxico. Consiste en reunir a estas persoas durante catro días nun centro de descanso fomentando un traballo en grupo co obxectivo de intercambiar as súas experiencias en relación coa enfermidade e dar unha información veraz sobre cada un dos seus procesos, impartido por profesionais contratados (médicos, fisioterapeutas, enfermeras, ...)

Terceira.- Obrigas dos beneficiarios:

Son obrigas do beneficiario:

- a) *Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.*
- b) *Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.*
- c) *Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como calesquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.*
- d) *Comunicar ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñezan, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*
- e) *A AECC comprométese a incluír o logo da Concellería de Benestar Social en toda a documentación que sexa utilizada nos programas conveniados.*
- f) *A AECC comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade e riscos laborais tanto para os usuarios/as como para o persoal do servizo, facéndose responsable dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.*
- g) *A AECC comprométese a atender aos cidadáns derivados pola Concellería de Benestar Social para a súa atención social e psicolóxica e individual para enfermos ou familiares.*
- h) *A AECC comprométese a comunicar o inicio de cada actividade e a reservar cinco prazas en cada unha das actividades ocupacionais que se desenroren na Xunta Local de Vigo, cinco prazas no programa Vitalia e cinco en cada un dos talleres de desabituación tabáquica.*

Cuarta.- Vixencia:

O convenio da Concellería de Benestar Social coa AECC terá a vixencia do ano 2008.

Quinta.- Xustificación:

A Concellería de Benestar Social subvenciona a AECC o programa de atención psicosocial e deshabitación tabáquica.

Polo período de vixencia do convenio, o Excmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 9.000,00€ con cargo ao programa de gastos 3130, partida 4890007.

Os pagamentos efectuaranse dos seguinte xeito:

- *50% da cantidade total á sinatura do convenio; pago anticipado previo á xustificación, como financiación necesaria para levar a cabo as actuacións inherentes a subvención.*
- *50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados e sexan certificados de conformidade polo funcionario responsable do programa.*

A AECC comprométese a presentar antes do día 30 de xaneiro de 2009, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino aos Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que contera memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coas actuacións obxectivo do convenio e recollidos no orzamento presentado pola AECC. De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a efectos de xustificación da subvención considéranse os gastos realizados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2008, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

Documentos que conformarán a xustificación da subvención:

- 1.- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento da actividade subvencionada.*
- 2.- Unha memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada que comprenderá:*
 - *Un balance de ingresos e gastos da actividade obxecto da subvención agrupada por tipos de gasto.*
 - *Facturas orixinais e demais documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, polo importe total da subvención concedida. As facturas terán que reunir as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir factura que incumbe a profesionais e empresarios.*
 - *Unha declaración de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social utilizando o réxime simplificado de acreditación do artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*
 - *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.*

Nos documentos xustificativos de subvención que comprenden os gastos vinculados de forma directa ao exercicio 2008 non terá que constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria.

Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, ou cando a entidade solicitante demande o orixinal presentado, as facturas e documentos poderán marcarse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para a que se presenta como xustificante e se o importe se imputa total ou parcialmente á mesma, indicando neste caso a contía exacta que resulte afectada. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado.

Sexta.- Recursos humanos:

A AECC poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Sétima.- Seguimento:

O persoal técnico do servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que se incorporará á Conta Xustificativa no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Como mecanismo de coordinación na aplicación do presente Convenio e para facer efectiva unha colaboración-supervisión, crearase unha Comisión Mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas da actividade, seu funcionamento, coordinación e solución de controversias e que estará composta por dúas persoas da AECC e dous técnicos/as deste Concello, presidida polo Concelleiro/a de Benestar Social.

Oitava.- Publicidade:

O Concello de Vigo resérvase exclusivamente a formulación de todo tipo de publicidade ou información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio.

Novena.- Compatibilidade:

O Concello poderá subscribir os convenios que crea adecuados coas distintas asociacións e administracións para este mesmo fin sen que esto altere o previsto neste convenio.

A concesión da subvención ao amparo da presente convocatoria será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade, sempre que o importe global das mesmas non supere o custo total do servizo.

Décima.- Lexislación aplicable:

A lexislación aplicable é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

6(1370).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE 27.06.08 DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA OS PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA MULLER DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE DESENVOLVIDOS NO ANO 2009. EXPTE. 3546/224.

Examinadas as actauccións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Igualdade, do 29.08.08, conforamdo pola ocnelleira de dito servizo, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 27 de xuño de 2008 aprobou a concesión de subvencións para os programas, proxectos e actividades desenvolvidos no ano 2008 dentro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas de promoción da muller”.

Entre outras entidades, á “Federación Veciñal Eduardo Chao” se lle concedeu unha axuda por importe de 2051,95 € destinada a financiar o proxecto: “Construíndo futuro”.

Con data 16 de xullo a devandita entidade comunica a este órgano xestor a imposibilidade de executar o proxecto presentado no seu día á convocatoria de subvención específica da concellería de igualdade e solicita a reformulación do proxecto inicial. O proxecto alternativo presentado para o destino da axuda concedida ten por nome: “Habilidades sociais desde a Intelixencia emocional”.

Unha vez estudiada e valorada a documentación que acompaña a solicitude de reformulación do proxecto valórase que cumpre as condicións establecidas no apartado III “reformulación de proxectos” da base Undécima da convocatoria e acéptase a trámite o expediente.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de xuño de 2008 polo que se conceden as subvencións para os programas de promoción da muller da concellería de igualdade desenvolvidos no ano 2008 no relativo á concesión de axudas á “Federación Veciñal Eduardo Chao” CIF G 36681708, resolvendo aceptar a reformulación de proxecto presentada e aprobando o proxecto “Habilidades sociais desde a intelixencia emocional” como proxecto alternativo ao proxecto inicial “Construíndo futuro”, non variando o importe da axuda concedida establecido en 2051,95 €”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1371).- CONVALIDACIÓN DE GASTO DA FACTURA CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2008 DA EMPRESA SOGAMA POLO SERVIZO DE TRATAMENTO DOS RSU DE VIGO. EXPTE. 2266/252.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 5 de agosto de 2008, conformado polo concelleiro delegado de Limpeza, visto o informe do interventor xeral de data 1 de setembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor da mercantil SOGAMA pola prestación do servizo de xestión dos Residuos Sólidos Urbanos na cidade de Vigo no mes de xuño do ano 2008.

Segundo.- Recoñecer a obriga de pago por importe de 589.106,89€ IVE engadido, correspondente á factura N° 2008/2192 de data 30/06/2008 presentada pola mercantil SOGAMA no rexistro do Concello de Vigo en data 14/07/2008 con N° DOC 80088014, correspondente ao mes de xuño do ano 2008

8(1372).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTE TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE OS MESES DE XUÑO, XULLO E AGOSTO DE 2008. EXPTE. 753/334.

Mediante providencia de data 1.09.08, a concellería de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Normalización Lingüística durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2008, e que son os seguintes:

Expediente	733/334. Organización campamento de verán 2008
Decreto concelleira	data 26 de xuño de 2008
Informe Intervención	RC 35649

Adxudicatario	AVV "Emilio Crespo"San Paio de Navia
Importe	499,96 euros

Expediente	736/334. Adquisición mercadotecnia para publicitar o SNL
Decreto concelleira	data de xullo de 2008
Informe Intervención	RC 37721
Adxudicatario	Alma Mater, S.L.
Importe	10.346,00 euros

Expediente	737/334. Inserción de anuncios do SNL na revista <i>Longa lingua</i>
Decreto concelleira	data 7 de xullo de 2008
Informe Intervención	RC 37514
Adxudicatario	A MESA pola Normalización Lingüística
Importe	12.000,00 euros

Expediente	746/334. Tradución de textos específicos
Decreto concelleira	data 7 de agosto de 2008
Informe Intervención	RC 44037
Adxudicatario	Daniel Abad Míguez en representación de weSpaek -Professional Translation & Linguistical Services
Importe	510,40 euros

Expediente	747/334. Reparto de agasallos promocionais do SNL
Decreto concelleira	data 7 de agosto de 2008
Informe Intervención	RC 42778
Adxudicatario	Sinsello
Importe	55,68 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

9(1373).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE A FAVOR DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12-14. EXPTE. 18392/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Expdial, do 5.08.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de cotas de comunidade, a Comunidade de Propietarios do inmoble sito na rúa República Argentina nº 12-14, a cantidade de 3.502,88 €, polo importe correspondente ó mes de xuño e xullo de 2008, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 2038401695600108813.

10(1374).- ENAXENACIÓN DE 76 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 2355/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 3.09.08, conformado polo concelleiro delegado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 76 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar-las bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

11(1375).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA O MANTENIMENTO DE ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL. EXPTE. 3254/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 12.08.08, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico, o interventor xeral e a xefa do Servizo de Normalización, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de 07-08-2006 acordou contratar con Servizos Medioambientais Forsai, S.L. o mantemento de zonas de interese patrimonial.

Na cláusula 2.3 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexiu á contratación establecíase como prazo do contrato o de un ano contado dende o día un do mes seguinte o día no que se asine o contrato. O contrato asinouuse o 20-09-2006, polo que o contrato comenzou o 01-10-2006. En esta mesma cláusula e no apartado 7.3 da Folla de especificacións do contrato (FEC) prevíase a posibilidade de prorrogalo contrato por períodos anuais ata un máximo de dúas prorrogas previo acordo expreso do órgano de contratación.

A xefa do Servizo de Patrimonio Histórico propón a prorroga do contrato.

A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

Autorízase a prorroga para o período comprendido entre o 01-10-2008 ó 30-09-2009 do contrato para o mantemento de zonas de interese patrimonial adxudicado a Servizos Medioambientais Forsai, S.L. por acordo da Xunta de Goberno de 07-08-2006.

O importe da prorroga será de 49.142,24 euros, sen perxuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputaran á partida 4531 2100000 de acordo coa seguinte distribución: 12.285,56 euros no ano 2008 e 36.856,68 euros no ano 2009.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1376).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA ESCOLA DE MÚSICA TRADICIONAL E FOLK. EXPTE. 9317/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 3.09.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar provisionalmente a Galega de Recursos Educativos Avanzados, S.L. o procedemento aberto da implantación inicial, xestión e desenvolvemento do Proxecto de Escola Municipal de Música Tradicional e Folk (Expte. 9317-332) por un prezo total de 928.128 euros para os catro anos de contrato. Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 07-07-2008 e a oferta presentada.

O desglose do prezo do contrato por anualidades é o seguinte:

ANO	EUROS	Observacións
2008	73.844	gastos de explotación
2008	42.000	gastos de implantación
2009	221.532	+ I.P.C. que corresponda
2010	221.532	idem
2011	221.532	idem
2012	147.688	idem

13(1377).- PROPOSTA DE SELECCIÓN DE EMPRESAS PARA SOLICITAR OFERTAS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DA RÚA TEÓFILO LLORENTE. EXPTE. 4474/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 3.09.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Seleccionar ás empresas que deseguido se relacionan para negociar a execución do contrato de obras de remodelación da rúa Teofilo Llorente:

- Construcciones Crespo, S.A.
- Sercoysa Proyectos y Obras, S.A.
- Oreco, S.A.
- Hidroscivil, S.L.
- Movexvial, S.L.

14(1378).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES AOS MESES DE XUÑO-XULLO 2008. EXPTE. 18048/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.08.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 19.08.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 5.232,57 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, Vías e Obras, OSPIO-Vías e Obras-Control Concesionarias, Seguridade, Participación Cidadá, Parque Móbil, Conserxería, Cemiterios e Educación, con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servizo	Total
4420	Limpeza	287,85
5110	OSPIO-Vías e Obras-Control Concesionarias	3.014,90
2220	Mobilidade e Seguridade	839,30
4631	Participación Cidadá	30,60
1212	Parque Móbil	270,47
4430	Cemiterios	104,88
1210	Conserxería	394,63
4220	Educación	289,94
TOTAL		5.232,57

15(1379).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A SELECT SYSTEM S.L. POR PERMISO DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CUN VALO DE OBRA NA RÚA PRÍNCIPE Nº 7. EXPTE. 55125/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 25.08.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 27 de marzo de 2008, autorizouse a SELECT SYSTEM, S.L. a ocupación da vía pública cun valado de obra con número de expediente 55125/250, cunha ocupación de 12 m² na r/ Príncipe, 7, para rehabilitación de fachada, constituíndo unha fianza de 3.000 € (tres mil euros), con número de operación 200800012844 de data 17-03-2008.

Solicitada a devolución da fianza con data 14/05/2008 e número de documento 80060661, unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección feita con data 22 de maio de 2008, indícase que o valado foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tres mil euros), a favor de SELECT SYSTEM, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1380).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL FONTAÍÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO MEDIO-AMBIENTAL. EXPTE. 211/322.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 17.06.08, e de acordo co informe-proposta da xefa da Oficina Municipal de Voluntariado, do 18.07.08, conformado polo

concelleiro de Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio entre o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación Fontaiña (CIF G36964146), para o desenvolvemento das actuacións obxecto do devandito convenio en beneficio do programa de voluntariado medioambiental

2º.- Aprobar o gasto de 6.000 Euros (SEIS MIL), con cargo á partida de Voluntariado 4634.4890000, como aportación municipal a este convenio.

3º.- Habilitar ao Concelleiro de Area de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, para firmar este convenio

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, A TRAVÉS DA OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E A ASOCIACIÓN FONTAÍÑA DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NO ÁMBITO DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO MEDIOAMBIENTAL

Vigo, de de 2008

REUNIDOS

Dunha parte:

O Excmo. Sro. D. Santos Hector Rodríguez Díaz, Concelleiro de Area de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, nomeado por decreto do Alcalde de 5 de xullo de 2007.

Doutra parte:

Dª Margarita Belén Rubido Bará (NIF 36.120.490W), na súa calidade de Presidenta da Asociación Fontaiña, con CIF G36964146, e domicilio na r/ Ecuador 85-3º 36204 Vigo.

EXPOÑEN

1.- *O Concello de Vigo posiciónase na cuestión da coordinación e potenciación do Voluntariado de Vigo: - . porque o establece a lei 3/2000, de 22 de decembro, do voluntariado de Galicia, que no seu capítulo IV, art. 17 recolle como competencia das corporacións locais “programar e promover a coordinación das actuacións en materia de voluntariado dentro do seu ámbito territorial”.*

- . e porque na referenciada lei faise “un recoñecemento explícito dos Concellos no campo do Voluntariado, nun marco xurídico no cal poderán exercer libremente a súa iniciativa no seu ámbito local. Respóndese así ao principio da autonomía local para a xestión dos seus respectivos intereses e no ámbito das súas competencias, que lles permite promover toda clase de actividades e prestar cantos servicios contribúan a satisfacer necesidades e aspiracións da súa comunidade veciñal”, tal e como se recolle nas Disposicións Adicionais, punto 4.

- . Ase mesmo se recolle a capacidade dos Concellos para dispoñer de agrupacións propias de voluntarios/as e se determina o amparo que debe prestar á iniciativa privada sen ánimo de lucro, colaborando coa mesma a través do asesoramento técnico, a coordinación, a planificación no seu ámbito municipal e o apoio económico.

2.- *O Concello para fomentar o desenvolvemento, a coordinación e a organización do voluntariado na cidade quere:*

- . promover programas no ámbito do voluntariado medioambiental para incentivar a participación da cidadanía.

- . promover actuacións coordinadas con entidades de voluntariado cara a conservación da natureza.

- . formular e deseñar un Programa de Voluntariado Ambiental de Vigo, orientado a conseguir grupos estables no tempo que axuden á protección e mellora do medio ambiente urbán e periurbán (parroquias), tanto do interior como da costa.

- . informar e sensibilizar a todo o tecido asociativo local para que introduzca as variables ambientais entre as súas actividades.

- sensibilizar, informar e formar á cidadanía para que se sume ás iniciativas do Programa de Voluntariado Ambiental de Vigo da Oficina Municipal de Voluntariado.
- Xerar unha primeira vía de comunicación entre a cidadanía máis implicada na sostenibilidade local de Vigo (persoas voluntarias) e o propio Concello, como Administración máis cercana a ela.

3.- O Concello ten unha decidida vontade de cumprir con todos estes obxectivos desde a Oficina Municipal do Voluntariado (OMV), e asume dende o primeiro momento que un dos retos máis importantes desta oficina, é a de crear unha primeira rede estable de voluntarios ambientais no Concello, que se implique nas problemáticas reais que xorden no seu entorno máis inmediato.

4.- A Oficina Municipal de Voluntariado pretende dar forma e regular unha serie de actuacións con obxectivos comúns e asegurar o seu desenvolvemento creando un marco estable de colaboración e promovendo ademais a participación ambiental en beneficio do voluntariado e do medio natural.

5.- Segundo o manifestado con anterioridade, e recoñecéndose expresamente ambas as dúas partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo deste convenio, acordan subscribir o presente acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

CONDICIÓN BÁSICAS:

Primeira.- Obxecto - O presente Convenio ten como obxecto fixar os termos da colaboración entre os asinantes para o desenvolvemento das accións contempladas no Programa de Voluntariado que achegase no Anexo I deste convenio

Segunda.- Obxectivo -. Formular e deseñar un Programa de Voluntariado Ambiental de Vigo, orientado a conseguir grupos estables no tempo que axuden á protección e mellora do medio ambiente urbán e periurbán (parroquias), tanto do interior como da costa, ao tempo que se sensibiliza a cidadanía da necesidade do respecto polo medio natural.

Terceira.- Funcións - A Asociación Fontaiña será a encargada de organizar, planificar, avaliar as actividades e cantas outras accións sexan necesarias para a realización do proxecto e programa referenciado, obrigándose ao estricto cumprimento das instrucións do Concello.

Será función do Concello facer fronte á aportación económica polo importe conveniado. Así mesmo o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos.

A asociación Fontaiña, pola súa parte, deberá facerlle fronte a os gastos de derivados da execución do Programa de voluntariado recollido como Anexo I do presente convenio.

Cuarta.- Destinatarios - Serán destinatarios das actividades deste convenio os/as voluntarios/as da Oficina Municipal de Voluntariado . O acceso ó programa de voluntariado será público e gratuíto, limitándose o número de participantes en función das necesidades previstas en cada unha das actividades.

Quinta.- Custo - O Concello de Vigo, a través da Oficina Municipal de Voluntariado achegará para o desenvolvemento destas accións, a cantidade de 6.000 € con cargo á partida 4634 4890000 de Voluntariado. A concreción das accións, presuposto e calendarización recóllense no programa que se incorpora como Anexo I ao presente convenio.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa execución ao longo do exercicio 2008 do programa de voluntariado obxecto do presente convenio.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola Asociación Fontaiña para a o proxecto de voluntariado obxecto deste convenio en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados.

Sexta.- Condicións - A Asociación Fontaiña asume a dirección técnica das actividades obxecto da sinatura deste convenio. A Oficina Municipal de Voluntariado ten a responsabilidade máxima polo que respecta a xestión do voluntariado, o que comporta: difusión das convocatorias, inscrición na OMV, seguimento e supervisión tanto das persoas voluntarias coma das actividades realizadas.

Nesta liña a Asociación Fontaiña deberá achegar, cun mes de antelación, á Oficina Municipal de Voluntariado a convocatoria bimensual de actividades para que dende este departamento de voluntariado se proceda ao envío da mesma ás persoas voluntarias dadas de alta nas bases de datos da OMV para tal fin.

Ase mesmo, as persoas participantes procederán á formalizar a súa inscrición na Oficina no Concello, nos prazos estipulados na devandita convocatoria.

A OMV levará un rexistro das persoas voluntarias participantes en cada unha das actividades. Non obstante dende a Asociación Fontaiña se achegará unha memoria detallada de cada unha delas, como máximo 15 días despois do seu desenvolvemento, aportando datos tales como: número real de voluntario/as que participaron, descrición detallada da actividade e posibles incidencias.

Esta dinámica de traballo responde ao obxectivo formulado de fortalecer o senso de pertenza do voluntario/a ao programa de voluntariado medioambiental que se está a potenciar dende o Concello de Vigo.

A Asociación Fontaiña resulta autorizada para concertar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención hasta un límite dun 85% (artigo 29 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, de 17 de novembro, e artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).

Sétima.- Publicidade - As partes establecerán iniciativas de divulgación e difusión dos contidos deste Convenio nás actuacións que se desenvolvan no marco do mesmo, co obxecto de garantir ao maior grao de coñecemento destes proxectos pola cidadanía e, en particular, polos propios interesados/as. Neste senso, calquera iniciativa de difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas no Convenio, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc., deberán ser previamente acordadas coa Oficina Municipal de Voluntariado.

A identificación destes proxectos levará-se a cabo de forma que a identidade corporativa dos asinantes se respecte en todo momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte dos usuarios/as da mesma. En toda a información gráfica editada, relacionada coas actividades programadas, figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello e da Asociación Fontaiña nas mesmas condicións e tamaños, ademais das lendas que se acorden. No caso de que no finzamento das actividades interviñesen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía que cada unha de elas achegue. O Concello dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen. De todo o material editado, entregaránse 15 exemplares ao Concello.

Todo o material gráfico disporá do correspondente depósito legal.

Oitava.- Seguimento e avaliación - Co obxectivo de garantir a axeitada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, creará-se unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ao respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- a) A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do Convenio.*
- b) A supervisión dos informes de seguimento e avaliación, así como seguimento do seu desenvolvemento.*
- c) Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.*

A tal fin, dita Comisión de Seguimento estará integrada por dúas representantes de cada unha das partes asinantes, que serán:

- Pola Asociación Fontaiña:

**Dna. Margarita Belén Rubido Bará, Presidenta da Asociación.*

**D. Eduardo Carlos González Martínez, Vogal da Asociación.*

-Polo Concello de Vigo:

* D. Santos Hector Rodríguez Díaz, Concelleiro de area de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

*Dña. Beatriz Gómez Ouro, Xefa da Oficina Municipal de Voluntariado.

A Comisión de Seguimento encargada de efectuar o control das accións nel previstas, poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran. Sen perjuizo de que así se determine, a devandita comisión deberá reunirse alomenos cada tres meses durante a vixencia do presente convenio.

Novena.- Obrigas da Asociación Fontaiña- Ademais do cumprimento da obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, a Asociación Fontaiña, comprométese a:

Desenvolve-las actividades acordadas previamente, atendendo ás orientacións e/ou variacións que se poidan acordar por ámbalas dúas partes, a través da Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas. Encargarase de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a publicidade, material, monitoraxe etc. Motivadas polas accións emprendidas neste convenio.

Asumirá os gastos derivados da execución do Programa de voluntariado recollido como Anexo I do presente convenio, tal e como estipula a lexislación vixente, ao se tratar de un grupo de voluntariado do Concello de Vigo, rexistrado como entidade de voluntariado no Rexistro Autonómico de Entidades de Acción Voluntaria con núm de inscrición L63 en data 21 de agosto de 2002.

Facilitar a inspección, control, etc. do persoal técnico da Oficina Municipal de Voluntariado.

Presentar ao Concello informes de desenvolvemento da actividade, sempre que se lle requira, e, un informe de avaliación final completo.

Participar nas xuntanzas de coordinación marcadas e a petición do persoal da Oficina Municipal de Voluntariado.

Asumir as responsabilidades que procedan da realización dos programas que se financien.

Comunicar ao Concello a consecución doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda de outra administración ou ente privado.

Décima: Outras obrigas do Concello de Vigo – O Concello de Vigo obrígase ademais a:

- a) Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.
- b) Dispoñe-los medios económicos precisos para cubri-los gastos das accións que conforman o presente convenio, polo importe máximo conveniado.

ACORDOS PARA RESOLUCIÓN OU CANCELAMENTO:

Undécima.- Como norma última, será o Concello o que teña capacidade de decisión definitiva no referido o presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Duodécima.- O incumprimento do especificado no clausulado, poderá ser motivo e cancelamento da execución deste convenio, unha vez oída a Comisión de Seguimento.

De ser a Asociación Fontaiña a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagamentos pendentes.

No caso de non executarse actividades e terse librado de xeito adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma no momento do cancelamento.

No caso de non presentar nos prazos marcados todos os xustificantes pertinentes relativos a execución das actividades integradas no convenio, a Asociación Fontaiña reintegrará os importes non xustificadas de acordo co previsto no clausulado do presente convenio.

PRESUPOSTO, PAGO E XUSTIFICACIÓN:

Decimo terceira.- O prezo máximo conveniado ó que se fai referencia na cláusula quinta non poderá ser obxecto de incremento algún.

Décimo cuarta.- O pago deste convenio farase da seguinte maneira:

- *Un 50% do importe total do convenio, 3.000,00 € (tres mil euros), á sinatura do convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo das actividades. Para iso, o funcionario responsable do seguimento do convenio certificará, coa conformidade do Presidente da Asociación Fontaiña, que tales actividades se teñen iniciadas.*
- *O segundo e derradeiro pago por importe do 50% restante, 3.000,00 € á finalización do convenio, sempre que se teña xustificada pola Asociación o total do gasto subvencionado, comprobados os xustificantes presentados polo funcionario referido no apartado anterior, e certificado o cumprimento do convenio polo servizo da Oficina Municipal do Voluntariado, coa conformidade do Presidente da Asociación Fontaiña e informe favorable da Comisión de Seguimento.*

Décimo quinta.- A Asociación presentará, no Rexistro Xeral do Concello, no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha Conta Xustificativa do cumprimento do convenio, que conterá con carácter xeral, a seguinte documentación:

- *Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, tales como: obxectivos acadados, descrición das actividades desenvolvidas especificando, por cada unha delas o lugar e datas de realización, o número de beneficiarios e o persoal implicado na súa execución ; memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual*
- *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:*
 1. *Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión.*
 2. *Facturas orixinais conformadas, ou fotocopias, previa validación e compulsa das mesmas, polo importe total da subvención outorgada.:*
 3. *Declaración xurada da entidade beneficiaria, na que se acrediten os seguintes extremos:*
 - *Que os xustificantes dos gastos que se presentan foron aplicados á actividade subvencionada.*
 - *Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
 - *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
 - *Declaración doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade con indicación do importe e a súa procedencia*
 - *Declaración de encontrarse ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ós efectos da aplicación no momento do pago do réximen simplificado previsto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia*

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.

A comprobación da conta xustificativa farase a través do persoal técnico da Oficina Municipal de Voluntariado.. O funcionario responsable do seguimento deste convenio será o encargado de dar o visto e prace á xustificación da realización da actividade, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención, ou no seu caso aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

Décimo séxta- O presente convenio administrativo regularase polas súas propias cláusulas e demais normativa administrativa de aplicación directa e supletoria, e en particular pola lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións e a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia no relativo ós procedementos de xestión, xustificación, reintegro, infraccións e sancións; e no seu defecto pola normativa de dereito privado.

VIXENCIA

Décimo sétima.- O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro do ano 2008.

As partes, en proba da súa conformidade, asinan o presente Convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezado.

17(1381).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS NO ANO 2008. EXPTE. 2298/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 19.08.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 10.07.08, conformado pola técnico e pola concelleira delegada de Xuventude, que di o seguinte:

1º- Excluir da lista de admitidos ás seguintes solicitudes polos motivos referidos a continuación:

Asociación cultural galego-brasileira Etnias, con CIF: G 36994010, por non estar inscrita no Rexistro municipal de asociacións, según consta no apartado 2.1. das bases da convocatoria.
Asociación Prado Surf Clube, con CIF: G 36850014, por non estar inscrita no Rexistro municipal de asociacións, según consta no apartado 2.1. das bases da convocatoria.

2º- Conceder unha subvención para as seguintes entidades que a continuación se relacionan coa ponderación correspondente. (As valoracións completas realizadas pola Comisión de Valoración pódense consultar no presente expediente na Acta da Xuntanza da Comisión):

<u>ASOCIACIÓN/GRUPO</u>	<u>Puntos</u>	<u>Subvención</u>
A.V.C.R. San Mamede de Zamáns G 36691855 Programa xuvenil Zamáns 2008	6,16	304,87€
Asociación Xogais G 36917037 Xove Play	6,38	315,75€
Colectivo Cultural Alternativo Malaherba G 36983310 II Festival de música Sons da Lameira	5,02	248,44€
Asociación de veciños de San Roque G 36659894 Por tí e para tod@s : programa de igualdade de xéneros	7,45	316,56€
Alecrín	8,51	361,60€

G 36633154 Campaña informativa sobre sexualidade		
Asociación Aboal G 36806693 Campamento urbán 2008	5,74	243,90€
Asociación Veciñal de Navia G 36648608 II Obradoiro de radio de Navia	6,41	272,37€
Asociación Xuvenil Xuntanza Xuvenil de Valladares G 36764951 Servizos e actividades para a mocidade 2008	8,74	371,38€
Asociación xuvenil Abertal G 36633394 Realización dunha curtametraxe	9,36	397,72€
Grupo xuvenil A Salgueira XI Memorial Pablo Gallego	8,62	366,28€
Cruz Roja Española Q 2866001 G Proxecto Neo'08	8,69	369,25€
Asociación xuvenil Xentenova G 36636538 Proxecto Eixo	8,57	364,15€
Sociedade Mineralóxica Galega G 36833473 Actividades relacionadas coa mineraloxía e o patrimonio industrial e minero	8,71	370,10€
Asociación veciñal Dr. Fleming G 36709004 Dr. Fleming Xuvenil	6,50	276,19€
Asociación xuvenil de xogos de rol, cartas e estratexias Cancerbero G 36909976 Programa anual de actividades de xogos de rol, cartas e estratexias	8,44	358,63€
Aje de Vigo G 636905040 Clubs Aje Vigo 2008	6,83	290,22€
Asociación benéfica Beiramar G 36634608 Xornadas interculturais	4,46	189,51€
Asociación Areas G 36768729 Anímate a leer	6,08	258,35€
Aspanaex	6,15	261,32€

G 36605905 Cara a un lecer comunitario		
A.V.C.D Monte da Mina de Castrelos Curso de introducción a informática	4,52	192,06€
Asociación Comisión de Festas Virxe dos Aflixidos G 36790228 Rockmission 08	4,90	208,21€
Grupo Cheos de Pus Carreira de carros de bolas de Santa Mariña de Cabral	8,41	357,35€
Asociación veciñal de Teis G 36646545 II Cineforum Galicia e o medio ambiente	6,89	292,76€
Asociación xuvenil do C.S.C.R de Beade G 36851806 Beade Xoven	7,63	324,21€
Asociación veciñal, cultural e deportiva San Xurxo G 36649888 Xornada de orientación e recoñecemento do entorno	4,94	209,91€
Asociación de persoas sordas de Vigo G 36622835 Participando todos	7,20	305,94€
Escola de tempo libre Xaruma G 36817385 A mocidade integra	8,63	366,70€
Fundación Privada RACC G 60586260 Programa de educación pola mobilidade	7,47	317,41€
Asociación Síndrome de Down G 36697324 Educación afectivo sexual e prevención de drogodependencias	6,97	296,16€
Asociación xuvenil do Centro deportivo Candeán G 36744654 Campus multideporte	5,87	249,42€
Círculo cultural, mercantil e industrial de Vigo G 36614097 Campamento de verán	6,12	260,05€
Asociación de malabares e artes circenses Malandraxe G 36955623 Vive o circo	6,53	277,47€
Club Juvenil Doira G 36621852 Programa científico avanzado	8,75	371,80€
Fundación secretariado Gitano	5,65	240,07€

G 83117374 Campamento de verán		
Asociación Autismo Vigo Actividades lúdicas, culturais e deportivas para persoas con T.E.A.	5,16	219,25€

Total puntuación: 242,46 puntos. Cada punto: 42,492€.

Total subvencións: 11999,83€”

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

18(1382).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE. EXPTE. 33434/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 5.09.08, conformado polo xefe e pola concelleira de Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder, con cargo á partida 3130.480.00.02 do vixente orzamento, as subvencións ás persoas que de seguido se relacionan, dentro do Programa de subvencións en réxime de avaliación individualizada destinadas a proporcionar, mediante a utilización de bono-taxi, un medio alternativo de transporte adaptado a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade, para o ano 2008, por un importe total de DEZASETE MIL DOUSCENTOS OITENTA EUROS (17.280€):

APELIDO1	APELIDO2	NOME	DNI	IMPORTE
ABOY	LOUREIRO	ALEJANDRA	53179948S	240 €
ABREU	VAZQUEZ	Mª CARMEN	35908920D	240 €
ALONSO	ALVAREZ	MANUEL	35934903W	240 €
ALONSO	MARTINEZ	MIGUEL ANGEL	36118692K	240 €
ALONSO	VILARIÑO	Mª VICTORIA	35570814A	240 €
ALVAREZ	CABALEIRO	AMALIA	35961754N	240 €

ARIAS	RODRIGUEZ	MIGUEL	35812570Y	240 €
BAHAMON- DE	VILA	AFRICA	35957853Y	240 €
BARCIELA	VILLANUEVA	SANTIAGO	35855614V	240 €
BLANCO	OTERO	ANA ISABEL	36069701C	240 €
BORRAJO	CONDE	MANUEL	34451753F	240 €
CAIÑO	CARDALDA	RUBEN	36173913L	240 €
CALVIÑO	JUNCAL	Mª AUXILIADO- RA	36073270R	240 €
CAMIÑA	OLIVEIRA	JOSE RAMON	36051620V	240 €
CHAMORRO	SANCHEZ	SECUNDINO	7639401C	240 €
COMESAÑA	COSTAS	ANTONIA	35971563T	240 €
COVELO	CASAL	JOSE	35880220J	240 €
DAVILA	RODRIGUEZ	MANUEL	35915669L	240 €
DE LA CALLE	NAVARRO	RUBEN	10090148W	240 €
DIAZ	FONTENLA	FRANCISCO	39459453D	240 €
DOMINGUEZ	DOMINGUEZ	MARIA	35498087W	240 €
DOMINGUEZ	GONZALEZ	Mª BEGOÑA	36048870G	240 €
FERNANDEZ	AIRAS	AGUSTIN	36039745X	240 €
FERNANDEZ	FRANCO	ESTEFANIA	39454009Q	240 €
FERNANDEZ	IGLESIAS	FRANCISCO	34565094G	240 €
FERNANDEZ	LIBERATO	SERGIO	36172941J	240 €
FERNANDEZ	LOPEZ	ELISA	36133858	240 €
FERNANDEZ	MARTINEZ	JAVIER	36133916L	240 €

FERNANDEZ	TORRES	GUILLERMO	35259563B	240 €
FERREIRO	SECO	JAVIER	36147648C	240 €
GALDO	RUBIDO	JESUS	32631006D	240 €
GARRIDO	CERQUEIRA	Mª NIEVES	36103721T	240 €
GARRIDO	RIVEIRO	MARIA	35966787P	240 €
GIL	CARBALLIDO	EVA MARIA	36137601R	240 €
GONZALEZ	OTERO	CARMEN	35816594M	240 €
GONZALEZ	OTERO	ISOLINA	35945768B	240 €
GRANDES	GARCI JOSE IGNACIO		46212180M	240 €
HERMIDA	FERNANDEZ	Mª ROSARIO	36043816X	240 €
IGLESIAS	GARCIA	RAMIRO	35844108B	240 €
LAGO	GARCIA	Mª SOLEDAD	36079762F	240 €
LAGO	LEIROS	SALUSTIANO	35958496C	240 €
LOPEZ	ALBERTE	ANDRES	34375830F	240 €
LOPEZ	CAGIAO	LAURA	53193421X	240 €
LORENZO	VAZQUEZ	JOSE CARLOS	36058610S	240 €
LOSA	FRANCO	VICTOR MANUEL	47361681N	240 €
MAQUIEIRA	ALMEIDA	MARIA LAURA	36142286V	240 €
MARRUFO	SAMILLAN	MIGUEL ALE- XANDER	39488666N	240 €
MORAIS	OLIVA	Mª DOLORES	36090921B	240 €
MULEIRO	ANTON	MARIA DEL PI- LAR	35979122S	240 €
MUR	SALVADOR	ANA MARIA	35982645L	240 €

NOVAS	GONZALEZ	ELENA	76978365X	240 €
OTERO	MARTINEZ	ANA MARIA	36145411Z	240 €
PASTOR	GARCIA	MARIA	38608102A	240 €
PEREZ	DIEGUEZ	JESUSA	35811961H	240 €
PINHO	VARELA	JOSE PAULO	X2305455G	240 €
PLANET	PASTOR	ESTEBAN	35995174J	240 €
PORTO	PEREZ	ANA M ^a	35999908D	240 €
REY	RUIZ	ANUNCIACION	36017850B	240 €
ROCA	FERNANDEZ	CLEMENTINA IS- ABEL	34601953V	240 €
RODRIGUEZ	ALEA	EDUARDO	35937362T	240 €
RODRIGUEZ	CALVO	MARIA	35824707E	240 €
RODRIGUEZ	GONZALEZ	FRANCISCO JA- VIER	36087139R	240 €
RODRIGUEZ	PEREZ	MONTSERRAT	36044588T	240 €
RODRIGUEZ	RODRIGUEZ	MARIA SOFIA	35920670Y	240 €
RODRIGUEZ	FIDALGO	OBDULIA	36072541P	240 €
ROMERO	MATOS	CRISTINA	36109282M	240 €
TORRES	RODRIGUEZ	JACOBO	36083025G	240 €
VAAMONDE	ESPIÑO	FRANCISCO JA- VIER	36119740B	240 €
VAZQUEZ	PRIMO	BASILIO	76695685T	240 €
VILLAR	CARBALLO	LUIS GABRIEL	36169584Z	240 €
VILLAR	GIL	MANUEL	35981290K	240 €
VILLOLDO	GONZALEZ	FRANCISCO JE- SUS	27833848F	240 €

			TOTAL	17.280€
--	--	--	-------	---------

2º.- Desestimar as subvencións ás persoas que de seguido se relacionan, dentro do Programa de subvencións en réxime de avaliación individualizada destinadas a proporcionar, mediante a utilización de bono-taxi, un medio alternativo de transporte adaptado a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade, para o ano 2008, por non cumprir os requisitos establecidos nas bases:

APELIDO1	APELIDO2	NOME	DNI	CAUSA DE DESESTIMACIÓN
CAMPOS	RUIZ	MARIA SIRA	36109844M	Solicitud feita fora de prazo
FELGUEIRAS	DA CUNHA	ANA MARIA	X1500384W	Certificado minusvalía sen problemas mobilidade
FERNANDEZ	GONZALEZ	ROGELIO	35842170M	Non acredita a minusvalía
FERREIRO	LEMA	OVIDIO	76459082K	Certificado minusvalía sen problemas mobilidade
GARCIA	ALVAREZ	Mª ALICIA	2427402M	Non acredita a minusvalía
LUIS	GARCIA	LUIS	34706981G	Non acredita a minusvalía

19(1383).- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e sete minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.